



CONCELLO DE POIO

Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS CORENTA E OITO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL ONCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do día vinte e dous de febreiro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. M^a Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Irene Ligerio Iglesias, D. Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; actuando como Secretario o do Concello D. Jacobo Barreiro Pimentel asiste como interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3481.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 25 DE XANEIRO DE 2011.- De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación da acta anterior da sesión ordinaria realizada o 25/01/2011, núm. 447, a que queda aprobada por unanimidade.

3482.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Polo Sr. Secretario presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3473.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE POIO EN CONTRA DA SUBIDA DO RECIBO DA LUZ ACORDADA PARA O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2011.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 3474.- PATRIMONIO, APROBACIÓN RECTIFICACIÓN INVENTARIO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2007.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse copia á Subdelegación do Goberno e á Consellería de Presidencia,

Administracións Públicas e Xustiza; 3475.- INTERVENCIÓN, INFORME DE REPARO FACTURA NÚM. 11000002 DE AUTOMOCIÓN CATOIRA, SL POR ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO USADO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e trasladouse o expediente á Intervención Municipal; 3476.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE CULTURA DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN FEGAMP E FUNDACIÓN MANUEL MARÍA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Federación Galega de Municipios e Provincias; 3477.- CONTRATACIÓN, ADXUDICACIÓN ARRENDAMENTO QUIOSCO SITO NA FINCA COSTA XIRÁLDEZ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse ao adxudicatario, remitiuse anuncio ao Perfil do Contratante e ao Boletín Oficial da Provincia e procedeuse á formalización do contrato; 3478.- URBANISMO, PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO NOVO HOSPITAL DE PONTEVEDRA, QUE TRAMITA A CONSELLERÍA DE SANIDADE, DA XUNTA DE GALICIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse copia á Consellería de Sanidade e á Presidencia da Xunta de Galicia; 3479.- ADHESIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA O DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3480.- MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSOE, IMPLEMENTAR DE MANEIRA URXENTE AS MEDIDAS NECESARIAS A PALIAR OS DANOS CAUSADOS POLO TEMPORAL DO MES DE XANEIRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia." A Corporación dáse por enterada.

3483.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Polo secretario presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día. A corporación dáse por enterada

3484.- PATRIMONIO, APROBACIÓN RECTIFICACIÓN INVENTARIO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2008.- Polo Sr. Secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado co motivo da aprobación da rectificación do Inventario Municipal de Bens correspondente ao exercicio 2008 iniciado a proposta da alcaldía de data 26 de xaneiro de 2011 no que se consigna que se realicen as oportunas alteracións durante o exercicio 2008, tanto en aumentos como en baixas, determinando o patrimonio líquido.

Incorpórase ao expediente resumo das altas e baixas producidas no devandito patrimonio co seguinte resultado:
Activo: Aumentos bens inmoables (epígrafe 1) 1.360.846,26 €, aumentos vehículos (epígrafe 5) 13.124,55 €. Baixas bens

inmubles (Epígrafe 1) 383.685,00 € Baixas vehículos (Epígrafe 5) 47.209,50 € **Pasivo:** Aumentos 2008: 1.635.000,00 € Baixas: 2008: 422.914,36 €. **Suma Activo a 31.12.2008:** 8.835.455,34 € **Suma Pasivo a 31.12.2008:** 8.283.742,17 € **Diferencia patrimonio Líquido a 31.12.2008:** 551.713,17 €.

Consta no expediente informe xurídico do Secretario Xeral de data 8 de febreiro de 2011 así como proposta da alcaldía de data 8 de febreiro de 2011 de aprobación do expediente formada pola Unidade de Patrimonio así como remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Con data 15 de febreiro de 2011 someteuse o expediente a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas emitíndose informe favorable.

Non subscitándose debate ningún a Corporación por unanimidade dos membros presentes na sesión acordou aprobar o expediente de rectificación do Inventario de Bens correspondente ao exercicio 2008 adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao periodo entre o 01/01/2008 ao 31/12/2008 nos termos que figuran no resumos que consta no expediente.

Segundo: Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

3485.- ALCALDÍA, CONVENIO DE ADHESION AO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado a proposta da alcaldía de data 11 de xaneiro de 2011 para a Adhesión ao Fondo Galego Cooperación e Solidariedade.

Consta no expediente informe favorable de data 19 de xaneiro de 2011 emitido pola Intervención Municipal de consignación de crédito presupostaria na aplicación 232.48900 por importe de 1.332,31 €, no presuposto prorrogado do exercicio 2010.

Dáse conta igualmente do informe xurídico emitido polo Secretario Xeral de data 11 de febreiro de 2011.

Con data 15 de febreiro de 2011 sométese o expediente a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, emitíndose ditame favorable.

Non subscitándose debate ningún, o pleno da corporación por 10 votos a favor (BNG e PSOE), ningún voto en contra e sete abstencións do PP, o que supón a maioría absoluta acordou aprobar o expediente adoptándose os seguintes acordos:

Primeiro.- Manifestar a adhesión desta Corporación ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE e aceptar os seus Estatutos e Declaración Programática.

Segundo.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida, como achega anual ao Fondo Galego, con destino ao financiamento de proxectos aprobados polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e de conformidade co correspondente Baremo de cotas que aprobe a Asemblea xeral de socios.

Terceiro.- Expresar a vontade de incrementar as responsabilidades económicas deste Concello respecto do Terceiro Mundo para aproximarse ao 0,7% do orzamento ordinario recomendado polas Nacións Unidas.

Cuarto.- Nomear ao Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández representante político titular e como representante político suplente a D^a. Rosa Fernández González.

Así como, nomear como representante técnico titular a D^a. Ana Campos Comín e como representante técnico suplente a D^a. Helena Martínez Epifanio.

Quinto.- Notificar estes acordos ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

3486.- PATRIMONIO, APROBACIÓN DESAFECTACIÓN DEFINITIVA DO CENTRO DE SAÚDE DE ANAFANS.- Polo Sr. Secretario dáse conta do expediente tramitado e do acordo número 3467 adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión realizada o 28 de decembro de 2010, no que se acordou a aprobación provisional da alteración da calificación xurídica desafectación do ben inmovible edificio (Centro de Saude de Anafáns), cambiando a súa calificación do ben de dominio público a ben de carácter patrimonial así como o inicio do trámite de información pública mediante o prazo dun mes mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios para a realización das alegacións que os/as interesados/as estimen oportunas.

Dando cumprimento ao acordo adoptado mediante oficio da alcaldía de data 29 de decembro de 2010, publícase anuncio de información pública no BOP núm. 5 do 10 de xaneiro de 2011 o que rematou o 10 de febreiro de 2011, non

presentándose alegación ningunha contra o mesmo, segundo certificación expedida polo Secretario Xeral de data 11 de febreiro de 2011, que consta no expediente.

Con data 15 de febreiro de 2011 sométese novamente o expediente a consideración da Comisión de Facenda, Gobernación e Contas, emitíndose informe favorable de aprobación definitiva da desafectación do Centro de Saúde de Anafáns, de conformidade coa proposta da Alcaldía de data 11 de febreiro de 2011.

Non subscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobación definitiva de desafectación do Centro de Saúde de Anafáns, o que terá a condición de Ben patrimonial de propios.

Segundo: Que pola Unidade de Patrimonio se realicen as rectificacións oportuna no Libro de Inventario de Bens e solicitar do Rexistro da Propiedade que proceda a súa inscrición.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3487.- SERVICIOS SOCIAIS, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE POIO.- Dáse conta do expediente iniciado mediante providencia da Alcaldía de data 27 de xaneiro de 2011 no que se dispón que pola Secretaría Xeral se informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para levar a cabo a modificación do artigo 3 (Grao I (dependencia moderada) nivel 2. Entre 20 e 30 horas mensuais) da Ordenanza municipal que regula o Servizo de Axuda no Fogar.

Consta no expediente informe xurídico emitido pola Secretaría Xeral de data 31 de xaneiro de 2011.

Con data 15 de febreiro de 2011 sométese o expediente a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas emitíndose informe favorable por unanimidade dos asistentes na devandita sesión.

Non subscitándose debate, o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, adoptándose o seguinte acordo, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do

réxime local:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 3 da Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar.

Segundo: Someter o expediente a información pública e audiencia aos interesados/as por un prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3488.- INTERVENCIÓN/TESOURERÍA, INFORME CUMPRIMENTO LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO DE MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de febreiro de 2011 e que di o que segue: "Dáse conta do informe de Tesourería e Intervención de data 7 de febreiro de 2011 en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade.

A interventora municipal procede a explicar o contido do expediente manifestando que se presenta en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, que entrou en vigor o día 7 de xullo de 2010.

Explica o contido do seu informe manifestando que o apartado 1º trata un relación de 2 facturas que suman unha contía total de 571,01 euros, polas cales transcorreron mais de 3 meses da súa anotación no rexistro contable sin que se procedese ao recoñecemento das obrigas e a 2ª parte do informe trata sobre o cumprimento dos prazos de pago previstos na Lei, consistente nunha relación de 14 facturas aprobadas pero que se atopan realmente pendentes de abono por un prazo superior a 50 días que suman unha contía total de 207.802,23 euros.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a turela financeira da Entidade Local.

A Comisión dáse por enterada."

Non subscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes dáse por enterada do contido do informe conxunto emitido polo Tesoureiro Municipal e Interventora con data 7 de febreiro de 2011 e acorda que se remita o devandito informe aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela

financeira da Entidade Local.

3489.- INTERVENCIÓN, RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO NÚM. 1.- Dáse conta do expediente tramitado e iniciado mediante proposta da alcaldía de data 8 de febreiro de 2011 de aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos pola existencia de facturas correspondentes ao exercicio 2010 as que non foron obxecto de aprobación por falta de crédito orzamentario.

Con data 15 de febreiro de 2011 sométese o expediente a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

“Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 8 de febreiro de 2011 na que se propón o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1 do exercicio que consta de 8 facturas que ascenden a un total de 32.154,58 euros e do informe da Intervención Municipal de data 8 de febreiro de 2011.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando que existen facturas por importe de 31.079,01 euros, que non foron aprobadas no exercicio da súa recepción 2010 e 1.075,57 euros corresponde a facturas que tiveron entrada no mes de febreiro de 2011, existindo neste momento crédito para todas elas con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2010

A Sra. Nieto García quere manifestar que o seu grupo político vai votar en contra por gastar o que non se ten.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE , ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación no seu exercicio orzamento 2010 as cales figuran na relación que obra no expediente por importe de 31.079,01 euros 2º) Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos que figuran na relación que se xunta, por importe total de 32.154,58 euros, correspondentes aos exercicios anteriores e 3º) Aplicar con cartgo ao orzamento prorrogado do exercicio 2010, vixente no exercicio 2011, os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponde nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.”

Non subscitándose debate ningún sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación no seu exercicio orzamento 2010 as cales figuran na relación que obra no expediente por importe de 31.079,01 euros

Segundo: Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos que figuran na relación que se xunta, por importe total de 32.154,58 euros, correspondentes aos exercicios anteriores.

Terceiro: Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2010, vixente no exercicio 2011, os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponde nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito

3490.- PARIMONIO, RATIFICACION DO ACORDO ADOTPADO POLA XGL NA SESIÓN DO 26 DE XULLO DE 2010, DE DESAFECTACIÓN PARCIAL DA ZONA DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE DO LUGAR DA REIBOA.- Dáse conta do expediente tramitado en relación coa solicitude de desafectación parcial de terreos de dominio público marítimo terrestre, ubicados no lugar da Reiboa, solicitada mediante oficio da alcaldía de data 02 de agosto de 2010 en virtude do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2010 e que di o seguinte: "8256.-VÍAS E OBRAS, SOLICITUDE DE DESAFECTACIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO - TERRESTRE NA REIBOA.-Dáse conta do expediente tramitado e do escrito remitido polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra de data 17 de xuño de 2010 que tivo entrada no Concello o 21 de xuño de 2010, número de rexistro de entrada 3677, ao que se xunta plano levantado polo personal técnico do devandito departamento onde se recolle a superficie da zona solicitada polo Concello de Poio para desafectación de terreos de dominio público marítimo - terrestre, ubicados no lugar da Reiboa e se insta o concello a que, previo acordo municipal correspondente, solicite a desafectación parcial dos terreos de referencia.

Así mesmo, dáse conta do informe emitido polo enxeñeiro municipal o16 de xullo de 2010 que di o seguinte: "Recibido en el Concello de Poio el pasado 21/06/2010 escrito del Servicio Provincial de Costas de Pontevedra en el que se adjunta plano con la propuesta de desafectación de terrenos en el lugar de A Reiboa, se informa lo siguiente:

Revisado el plano "DESAFECTACIÓN DE D.P. EN EL RELLENO DE LA MARISMA DE LA REIBOA - T.M. DE POIO (PONTEVEDRA) (Opción: b)" con una superficie da desafectar en terrenos de Dominio Público de 59.256,00 m2 y girada visita a la zona, se comprueba que existe coincidencia entre la propuesta y la

realidad física de los terrenos, por lo que se informa favorablemente la desafectación propuesta".

A Xunta de Goberno Local por unanimidade e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), acordou:

Primeiro: Solicitar ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra a desafectación dos terreos de dominio público - terrestre do lugar da Reiboia indicados no plano "Desafectación de D.P. en el relleno de la marisma de la Reiboia - T.M. de Poio (Pontevedra) (Opción b)" que obra no expediente."

Con data 15 de febreiro de 2011 e en virtude do escrito remitido polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, no que se solicita a ratificación do devandito acordo pola Corporación Municipal, sométese o mesmo á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, polo que se ditaminou favorablemente dita ratificación.

Non subscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por unanimidade de votos dos membros presentes acordou ratificar o acordo número 8256 adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2010 e que se remita certificación do mesmo ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

3491.- MOCIÓNS, DO BNG CONTRA A PRIVATIZACIÓN DAS CAIXAS DE AFORRO.- Dáse conta á corporación do expediente tramitado co motivo da moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Rexistro Xeral o 11 de febreiro de 2011, núm. 732 en relación coa privatización das Caixas de Aforro.

Con data 15 de febreiro de 2011 sométese dita moción á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas emitíndose o seguinte ditame: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta da moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego na Corporación, de data 10 de febreiro de 2011 que, tras unha ampla exposición de motivos, solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: "1º) Rexeitar frontalmente as pretensións do Goberno do Estado de privatizar e bancarizar a nosa caixa galega (Novacaixagalicia). 2º) Solicitar do Goberno do Estado a retirada do denominado "Plan de reforzamento do sector financeiro" no que atinxe ás caixas de aforro. 3º) Reclamar do Goberno da Xunta de Galiza a que defenda as competencias

estatutarias de Galiza, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestructuración das caixas de aforro galegas leve aparellada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e a transformación nun banco privado. 4º) Expresar o compromiso inequívoco en manter o vixente modelo de caixas de aforro, con vocación social e vinculación territorial, e demandar dos Gobernos central e galego que eviten calquera tentativa para que as caixas de aforros sexan alleadas en favor da banca privada e do capital financeiro.”

A Sra. Nieto García quere manifestar que o seu grupo político está de acordo co que se solicita pero non estamos de acordo coa exposición de motivos, concretamente cos parágrafos 3º e 4º xa que entendemos que non é o BNG o único que defendeu a fusión galega. O Partido Popular e o Presidente da Xunta de Galicia están loitando para iso.

A Sra. Besada Lores di que o PSOE vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 7 votos a favor do PP e BNG , ningún voto en contra e 2 abstencións do PSOE acordou dictaminar favorablemente dita moción e propor ao pleno a súa aprobación.”

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Barreiro lubián manifestando que a moción vai no sentido de defender a permanencia de NovacaixaGalicia que mantén a galegitude da caixa e o espírito do que son as caixas de aforros polo que pensamos que deben manterse tal e como están e o Banco de España debería vixiar aos outros bancos, soamente esta caixa ten máis da metade da cota de mercado que outras caixas de España e pedimos á Xunta que defenda esta situación no goberno do estado e que evite que a banca se quede co capital das caixas.

O Sr. Agís Gómez di que o que se pretende é manter a credibilidade e a estabilidade das caixas que terán que facer un esforzo que non pasa necesariamente pola privatización, cremos que se pretende dar seguridade e estabilidade ás caixas que foron afectadas polo boom inmobiliario e o que supón é maior garantías.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que están de acordo co texto da moción pero solicitamos que se retiren os parágrafos 3 e 4. Non hai as mesmas exixencias para os bancos e caixas, para o banco un 8% e para as caixas un 10%. Debemos defender a galegitude das caixas e da fluidez do crédito.

O Sr. Barreiro Lubián di que se o que se quere é fortalecer os bancos non se pode facer nun día para outro e despois non se está tratando igual aos bancos que ás caixas.

O Sr. Agís Gómez di que o PSOE defende a galeguidade das caixas e defendemos que as entidades sexas solventes. A esixencia é a mesma dun 8% para os bancos e para as caixas.

Unha vez rematado a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas este quedou aprobado por 14 votos a favor (7 BNG e 7 PP), 3 votos en contra do PSOE e ningunha abstención adoptándose o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Rexeitar frontalmente as pretensións do Goberno do Estado de privatizar e bancarizar a nosa caixa galega (Novacaixagalicia).

Segundo.- Solicitar do Goberno do Estado a retirada do denominado "Plan de reforzamento do sector financeiro" no que atinxe ás caixas de aforro.

Terceiro.- Reclamar do Goberno da Xunta de Galiza a que defenda as competencias estatutarias de Galiza, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestruturación das caixas de aforro galegas leve aparelada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e a transformación nun banco privado.

Cuarto.- Expresar o compromiso inequívoco en manter o vixente modelo de caixas de aforro, con vocación social e vinculación territorial, e demandar dos Gobernos central e galego que eviten calquera tentativa para que as caixas de aforros sexan alleadas en favor da banca privada e do capital financeiro.

3492.- MOCIÓNS, DO PP PARA QUE SE CORRIXAN AS DEFICIENCIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.- Dáse conta á corporación do expediente tramitado co motivo da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular no Rexistro Xeral o 15 de febreiro de 2011, núm. 801 instando a que se corrixa as deficiencias no Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Poio.

Con data 15 de febreiro de 2011 sométese dita moción á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas emitíndose o seguinte ditame: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta do contido de dita moción de data 15 de febreiro de 2011 que, tras unha ampla exposición de motivos, solicita que se tomen por parte desta Corporación, os seguintes acordos: " 1º) Tomar las medidas necesarias, para que la empresa, prestadora de la ayuda en el hogar, que atiende a los dependientes del concello de Poio, cumpla el convenio

colectivo del sector, en todos sus aspectos, remuneraciones económicas, categorías profesionales, altas en la seguridad social, etc. 2º) Que se cumpla lo establecido en la ordenanza reguladora del servicio de ayuda en el hogar del concello de Poio”.

A Sra. Ligeró Iglesias di que o PP é sabedor que o convenio colectivo do sector non se está a cumprir e os convenios colectivos son lei para cumplilos.

O Sr. Agís Gómez pregunta en que aspectos non se cumpre.

A Sra. Ligeró Iglesias respóndelle que entre outros en remuneracións económicas, altas e baixas na seguridade social etc.

O Sr. Barreiro Lubián di que o deben dicir por escrito, se é verdade que existen este problemas tan graves, que non teño nin idea e que non conozo o convenio.

A Sra. Ligeró Iglesias di que cando facemos e presentamos esta moción é porque xa falamos coas traballadoras implicadas e comprobámolo.

A Sra. Nieto García di que o concello debería facer cumprir o convenio.

O Sr. Barreiro Lubián respóndelle que o concello o que tería que facer é dar parte á inspección de traballo.

A Sra. Besada Lores di que estes problemas deben ser recentes porque nestes 4 anos non se produciron.

A Sra. Nieto García di que o PP se entera cando as propias traballadoras nolo comunican.

A comisión por 3 votos a favor do PP, ningún voto en contra e 5 abstencións do BNG e PSOE acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Comeza a quenda de intervencións a concelleira do PP a Sra. Ligeró Iglesias e manifesta o servizo de axuda no fogar é un servizo básico de atención primaria e funcionada co Concello, empresa e traballadores e se estes non están contentos afecta á calidade do servizo.

A responsabilidade da contratación da empresa empeza polo concello e entendemos que a concelleira tiña que haber mediado para solucionar o conflito.

A Concelleira de Benestar Social Sra. Fernández González manifesta que non lle constan queixas das traballadoras nin dos/as usuarios/as e se estas existen a competencia é da inspección de traballo.

O Sr. Barreiro Lubián di que o Concello ten o servizo contratado. A investigación dos contratos non corresponde ao concello, todo é bastante complexo, poderíanse facer auditorías pero iso non se fai e se o PP ten constancia

desas irregularidades manifestadas o que ten é que recorrer á inspección de traballo que é quen dirime esas cuestións evidentemente se o concello tivera constancia tomaría cartas no asunto. Se houbera queixas, servizos sociais tomaría medidas.

É sospeitoso que nin o Concello nin a inspección de traballo, nin a empresa nin sindicatos teñan queixas destas traballadoras e sen embargo que recorreran ao PP e este o que debería é recorrer á autoridade laboral. A non ser que o que se queira é perxudicar á empresa ou dar mala imaxe do equipo de goberno.

Se hai que comprobar algo o traballador debería dicir o que lle pasa non poderíamos facer unha auditoría pero averiguar se unha traballadora fixo dúas horas de máis o día 5 de febreiro e non lles pagaron pero iso por parte do concello é imposible averigualo.

Isto soa a oscurantismo, intentar dicir algo e ocultalo ao mesmo tempo, teñen que ser claros, dicir o que realmente pasou, cos nomes iso sería investigable. Porque se teñen máis datos debemos facelos constar en acta. É moi fácil desprestixiar.

A Sra. Ligerio Iglesias di que se nos contratos fala que temos que velar porque a lei se cumpra entón algo se pode facer.

Se as traballadoras decidiron dar ese paso esa é unha opción.

Nós decimos que se subsanen as deficiencias. A Concelleira de Benestar Social era coñecedora da problemática por parte das traballadoras e por parte do PP per non lles fixo caso. Existe un convenio colectivo ao que hai que adherirse e a categoría que teñen as traballadoras non existe.

O Sr. Domínguez Lino di o equipo de goberno está a defender á empresa e non as traballadoras.

O Sr. Alcalde manifesta que o Concello contrata o servizo cunha empresa e temos que velar que o contrato se cumpra e o servizo se faga correctamente, pero se algunha traballadora traballa de balde nós non podemos meternos, existen sindicatos, inspeccións...

As empresas de axuda no fogar teñen unha inspección da Xunta cada 3 meses.

Entendo que é unha responsabilidade directa do Concello que o servizo se realice correctamente.

A Sra. Besada Lores manifesta que lle parece lamentable que o PP saia con esta demagogia e esa preocupación polas traballadoras gustaríame que fora real pero o único que lle interesa é sair na prensa.

O 1º que tiña que facer o PP da Xunta será non rebaixar a asignación de axuda no fogar

As traballadoras son as que teñen que denunciar as diferencias no número de horas e iso soamente pode ser a través da inspección de traballo ou dos sindicatos porque os propios sindicatos lle é moi difícil controlar ás empresas.

O Sr. Barreiro Lubián di que antes doume a razón a Sra. Ligerero sobre as cláusulas dos pregos que din que se cumpra a lei, pero alguén de nós pode pedir ás nóminas á empresa? Iso non o poder facer nin o INEM so pode facelo inspección de traballo e se vostedes din iso é que non se enteran ou están contando mentiras.

O Sr. Alcalde di que a única denuncia que existe aquí é unha moción do PP e sigo dicindo que se debe de discutir na inspección de traballo.

E insisto que non temos queixas de ningún usuario/a do servizo e temos que velar que o servizo se cumpra perfectamente. Nós pagamos á empresa non aos traballadores.

Unha vez rematado a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas este quedou rexeitado por 7 votos a favor do PP, 10 votos en contra (7 BNG e 3 PSOE) e ningunha abstención.

3493.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA NÚM. 2/2011, CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON BAIXAS.- De conformidade co disposto no artigo 82 do Real decreto 2568/1986, do 26 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sometido a votación a ratificación do asunto na orde do día por non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha esta quedou aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP.

Polo Secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado pola Intervención Municipal e iniciado mediante providencia da alcaldía de data 17 de febreiro de 2011, no que se expón que ante a existencia de gastos que non poden demorarse por importe total de 102.774,62 € ata o exercicio seguinte para o que non existe crédito no orzamento prorrogado do exercicio 2010, polo que dispón que se emita informe sobre o contido da memoria da alcaldía de data 17 de febreiro de 2011, que consta no expediente.

Consta informe da Intervención Municipal de data 18 de febreiro de 2011 de procedemento a seguir para levar a cabo modificación de crédito extraordinario financiado con baixas noutras aplicacións así como anexo I de informe de

reparo sobre as facturas emitidas no exercicio 2011 sen existir crédito presupostario para a súa aprobación referidas a investimentos por un importe de 12.298,51 €.

Unha vez incorporado a documentación relacionada na providencia da alcaldía que dou inicio ao expediente con data 18 de febreiro de 2011 emítese nova proposta da alcaldía da que se propón a aprobación da modificación orzamentaria 2/2011, mediante crédito extraordinario financiado con baixas noutras aplicacións e se sigan os trámites establecidos no artigo 169 e ss do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais.

Non subscitándose debate ningún, sométese á votación a aprobación da modificación presupostaria 2/2011, de crédito extraordinaria, a que quedou aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria 2/2011, mediante crédito extraordinario financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na memoria da alcaldía por importe total de 102.774,62 €.

Segundo: Someter o expediente ao trámite de información pública de conformidade co establecido no RDLex. 2/2004, do 5 de marzo.

Terceiro: Levantar o reparo emitido pola intervención municipal con relación as facturas por importe de 12.298,51 € para as que non existe crédito suficiente e adecuado para a súa aprobación procedendo, coa proposta de aprobación á dotar crédito suficiente e adecuado para proceder á mesma.

3494.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA NÚM. 3/2011, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIXAS.- De conformidade co disposto no artigo 82 do Real decreto 2568/1986, do 26 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sometido a votación a ratificación do asunto na orde do día por non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha esta quedou aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP.

Polo Secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado pola Intervención Municipal e iniciado mediante providencia da alcaldía de data 17 de febreiro de 2011, no que se expón que ante a existencia de gastos que non poden demorarse por importe total de 79.307,63 € ata o

exercicio seguinte para o que non existe crédito no orzamento prorrogado do exercicio 2010, polo que dispón que se emita informe sobre o contido da memoria da alcaldía de data 17 de febreiro de 2011, que consta no expediente.

Consta informe da Intervención Municipal de data 18 de febreiro de 2011 de procedemento a seguir para levar a cabo modificación de crédito na modalidade de suplemento de crédito 3/2011, financiado con baixas noutras aplicacións así como anexo I de informe de reparo sobre as facturas emitidas no exercicio 2011 sen existir crédito presupostario para a súa aprobación referidas a investimentos por un importe de 54.307.63 €.

Unha vez incorporado a documentación relacionada na providencia da alcaldía que dou inicio ao expediente con data 18 de febreiro de 2011 emítese nova proposta da alcaldía da que se propón a aprobación da modificación orzamentaria 3/2011, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións e se sigan os trámites establecidos no artigo 169 e ss do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais.

Non subscitándose debate ningún, sométese á votación a aprobación da modificación presupostaria 3/2011, suplemente de crédito extraordinaria, a que quedou aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria 3/2011, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na memoria da alcaldía por importe total de 79.307,63 €.

Segundo: Someter o expediente ao trámite de información pública de conformidade co establecido no RDLex. 2/2004, do 5 de marzo.

Terceiro: Levantar o reparo emitido pola intervención municipal con relación as facturas por importe de 54.307,63 € para as que non existe crédito suficiente e adecuado para a súa aprobación procedendo, coa proposta de aprobación á dotar crédito suficiente e adecuado para proceder á mesma, tendo en conta que na mencionada relación inclúense dúas facturas, unha por importe de 19.080,32 e outra por importe de 235,03 € que corresponden ao exercicio 2010 polo que se entende tramitado un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos mediante a aprobación das mesmas polo Pleno da Corporación tal como esixe a lexislación

vixente.

MOCIÓNS URXENTES.- Preséntanse as seguintes.

3495.- MOCIÓN CONSENSUADA EN RELACIÓN AO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, de conformidade co artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do texto da moción asinada polos tres voceiros dos grupos municipais do BNG, PSOE e PP en relación ao 8 de marzo, Día Internacional da Muller no que tras unha exposición de motivos rematan solicitando a adopción dos seguinte acordos:

1. Incorporar a perspectiva de xénero ás políticas activas de emprego que se desenvolven a nivel local.

2. Repensar os horarios, apostando pola flexibilidade nos servizos públicos, a harmonización dos tempos escolares e a racionalización dos horarios comerciais para facelos compatibles coa conciliación da vida laboral e familiar de mulleres e homes.

3. Extender a rede de servizos de atención aos menores de 0 a 3 anos e ás persoas en situación de dependencia, así como a ampliación de horarios de escolas infantís e centros de día para persoas maiores e persoas con discapacidade.

4. Fomentar proxectos de apertura dos centros escolares para atender as necesidades de conciliación das familias. Desenvolver servizos de almorzo, comedor e actividades extra-escolares necesarias para a conciliación no período lectivo. De igual xeito, poñer a disposición das familias servizos de atención infantil de carácter lúdico durante as vacacións escolares.

5. Reforzar os programas de Servizo de Axuda a domicilio e tele-asistencia para a atención de persoas en situación de dependencia, maiores, familias en risco de exclusión e persoas con discapacidade, promovendo a creación de emprego feminino e a actividade emprendedora das mulleres, á vez que se potencia a conciliación da vida familiar, laboral e persoal.

6. Desde os servizos de orientación, formación e intermediación municipais para o emprego, fomentaranse programas estratéxicos de promoción de igualdade de oportunidades nas empresas. De acordo coa Lei de Contratos do Sector Público, incorporaranse, na adxudicación de contratos públicos, cláusulas que permitan valorar

positivamente ás empresas socialmente responsables coa igualdade.

7. Estimular as iniciativas emprendedoras das mulleres e o fornecemento das redes de mulleres empresarias, a través de axudas económicas (subvencións e microcréditos). Desde as políticas locais, incentivaremos o acceso das mulleres ás tecnoloxías da información e do coñecemento, xa que isto terá importantes efectos económicos e sociais.

8. Impulsar a loita contra a feminización da exclusión social, adecuando a resposta e os recursos dos Servizos Sociais ás diferentes necesidades dos colectivos de mulleres en situación ou risco de exclusión, e estimular o acceso aos recursos educativos, sociais e económicos.

Non subscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por unanimidade acordou aprobar a moción presentada nos seus propios termos.

3496.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE A SITUACIÓN DO CEIP DE CHANCELAS.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, de conformidade co artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do texto da moción asinada por D. Xulio Barreiro Lubián actuando en calidade de voceiro do grupo municipal do BNG en relación á situación do CEIP de Chancelas e que solicita a adopción dos seguintes acordos:

Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia:

1º.- Levar a cabo o acordado no informe da Consellería de 2008 e efectuar unha reparación total do CEIP Chancelas.

2º.- Cumprir o acordado no Consello Escolar extraordinario do 2 de febreiro, onde se solicita da Consellería o recoñecemento da gravidade da situación e o compromiso do Xefe Territorial de realizar as obras necesarias com data de inicio e fin para solventar os problemas estruturais do colexio.

3º.- A inclusión do centro nun orzamento extraordinario para o presente curso que garanta o cumprimento dos puntos primeiro e segundo.

Con data 14 de febreiro de 2011 sométese a moción á consideración da Comisión Informativa de Cultura e Educación, ditaminándose favorablemente e propoñéndose ao pleno a súa aprobación.

Comeza a quenda de deliberacións a Sra. Senra Lorenzo, Concelleira Delegada de Educación, manifestando que a intención non é politizar este tema. A día de hoxe, a delegación non contestou a ningún dos correos remitidos desde o Concello o único que fixo foi unha reunión coa ANPA e a día de hoxe non teñan elaborado ningún proxecto técnico para a reparación do centro.

Os acordos de mobilizacións foron tomados no Consello Escolar onde o concello ten un so voto.

Temos os datos dos investimentos do Concello nos últimos anos por se os queredes comprobar.

Hai un informe técnico da Consellería de 2008 onde consta claramente as deficiencias que ten o centro e das actuacións a realizar.

O Sr. Moldes Martínez di qu estamos de acordo en non politizar este tema pero si queremos dicir que si recoñecemos o estado dos colexios do termo municipal e loitaremos para que se arranxen. Neste momento a delegación de un presuposto de 1500000 para toda a provincia, facer un chamamento responsable para que se fagan actuacións básicas como fiestras, calefacción,...

A Sra. Besada Lores di que na mente de todos está a nota de prensa que sacou o PP que como mínimo é pouco ético e paréceme unha falta de respecto total e absoluta cara unha concelleira que non se vai a presentar nas próximas eleccións.

Para colexios privados a Xunta seguro que ten bastante máis que 1500000 €.

O Sr. Barreiro Lubián di que é patético escoitar case implorando a un representante do PP que non se lle pida á Consellería porque non ten cartos.

Podemos facer un repaso do que a Xunta investiu nos colexios cando había vontade. A situación dos colexios de Poio ten pocio que ver cos colexios doutros municipios porque comparado o orzamento ao mellor algún ano multiplicouno por 5.

Nun caso a consellería debería dar un paso adiante é dicir o que ten que facer.

A Sra. Senra Lorenzo di que isto non o entende como unha disculpa. Pídevos que o que fagades sexa para beneficio da educación en poio e non en beneficio do PP, entendo tamén que estades de acordo coa moción.

Supoño que cando se fai un orzamento, tes que prever os gastos que xa teñen valorados.

Os políticos cambian pero os técnicos non e desde o ano 2008 existe un informe dun técnico onde se poñen de manifesto deficiencias no centro.

As axudas da Xunta no ano 2010 para educación foi 0. No ano 2008 e 2009 a Xunta puxo 311.000 € e o concello outros 311.000 €, polo tanto poñámonos a traballar e aprobar a moción.

O Sr. Moldes Martínez di que o único que investiu a Xunta no ano 2007 foi 5000 € no CEIP de Chancelas e dicir que se ofreceu a posibilidade investir nun centro pero agora é un pouco demagóxico.

O Sr. Piñeiro Murillo di que aos técnicos da Consellería danlle 20 € para dietas e kilometraxa á semana e iso explica que non foron esta semana será a seguinte porque xa teñen os 20€ gastados.

A Sra. Senra Lorenzo di que co bipartito o Concello de Poio facía as obras a medias. No CEIP de Chancelas reformouse a zona infantil, reformamos os balos e a creación dun novo comedor, nesta obra o concello colaborou con case 35000 €.

Estou encantada, eu creo que vos pensades que vou a ter novos nomeamentos, fíxome gracia incluso os dos "duendes" pero que o Sr. Delegado me diga que debo decidir en que colexio investir eu non teño esa capacidade eu diríalle que nos tres.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa o que queda aprobado por unanimidade de asistentes adoptándose o seguinte acordo:

Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galiza a:

Primeiro: Levar a cabo o acordado no informe da consellaría de 2008 e efectuar a reparación total do CEIP Chancelas.

Segundo: Cumprir o acordado no consello escolar extraordinario do 2 de febreiro, onde se solicita da consellaría o recoñecemento da gravidade da situación e o compromiso do Xefe Territorial de realizar as obras necesarias, con data de inicio e fin, para solventar os problemas estruturais do colexio.

Terceiro: Incluír ao centro nun orzamento extraordinario para o presente curso que garanta o cumprimento dos puntos primeiro e segundo.

3497.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSOE EN RELACIÓN COA MELLORA NA SEGURIDADE VIAL NA PO-308.- Previa

declaración de urxencia por 10 votos a favor (7 BNG e PSOE), 7 votos en contra e ningunha abstención, de conformidade co artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do texto da moción asinada polo voceiro do Grupo Municipal do BNG D. Xulio Barreiro Lubián e pola voceira do Grupo Municipal do PSOE D^a. Consuelo Besada Lores de data 18 de febreiro de 2011 en relación coa mellora da seguridade vial na PO 308 na que tras unha exposición de motivos remata solicitando a adopcións dos seguintes acordos:

1º.- Darlle o apoio á Plataforma para a Mellora e Seguridade Vial da PO-308 na súa demanda de que a Xunta de Galicia como titular da PO308, acometa os proxectos de seguridade vial e urbanización pendientes de acometer nestar estrada.

2º.- Apoiar á Plataforma para a Mellora e Seguridade Vial da PO-308 en cantas propostas, manifestacións e accións leve a cabo co obxectivo de conquistar a mellora da PO-308.

3º.- Dar traslado destes acordos á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O Sr. Domínguez Lino di que entenden que primeiro teñen que coñecer o proxecto e logo os veciños.

Gustaríame que me digan: no ano 2006 o Sr. Sobral sellou o compromiso para urbanizar a comarcal e gustaríame saber onde está ese convenio. No ano 2007 saliu na prensa "Política Territorial dotará de beirarrúas a PO-308", partindo destas bases donde está firmando estes compromisos.

Gustaríame que se aclarasen eses convenios do 2006 e 2008, queremos saber de onde partimos e a partir de ahí faremos o resto.

O Sr. Barreiro Lubián non imos a pedir á plataforma que se encerre no local do PP, niso podedes estar tranquilos.

Algún día vou pasar o traballo de ver as solicitudes que se fixo á Xunta para urbanizar a PO308 e nestes últimos 30 anos o PP gobernou 30 anos.

E das comarcais con menos actuacións e con máis densidade de tráfico, sen embargo o peso político parece unha broma pesada e así o recolle o Consello de Contas nos seus informes que di que a Xunta invirte un 70% nos concellos do seu color político, e así, e os veciños, de Poio empezan a estar cansados.

A única vez que se fixo algún tipo de intervención foi cando o goberno do bipartito. Nos estamos pedindo que se

faga por fases non pretendemos que se execute a totalidade dunha soa vez.

O único, nestes 4 anos executouse un proxecto, licitouse outro proxecto e quedou pendente de executar porque cambiou o equipo de goberno, gustaríame que me dixeras que inversións están facendo en Poio.

O Sr. Agís Gómez di que a Xunta no ano 2008 comprometeuse a realizar obras no Po308, urbanización desde a Seca a San Salvador pero o problema foi que entrou a gobernar o PP e non executaron.

O PP sistematicamente está marxinando a Poio e o único que fai é presentar proxectos de propaganda solo para sair na prensa.

Están tomando aos veciños de Poio por imbéciles e paréceme unha actitude mesquiña.

O Sr. Alcalde di que nos anos de goberno da Xunta anterior si se executaron estes proxectos e o Sr. Hernández coñece os proxectos.

Na reunión que tivemos con el dixo que imos a facer algo pero temos que revisalos.

No convenio de Raxó pretendíase non executar as expropiacións e os outros dous ían pola vía da expropiación.

Os proxectos téñenos pero están paralizados.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións sométese a votación a Moción en relación á Mellora e Seguridade Vial da Po308 esta queda aprobada por unanimidade de asistentes adoptándose o seguinte acordo:

1º.- Darlle o apoio á Plataforma para a Mellora e Seguridade Vial da PO-308 na súa demanda de que a Xunta de Galicia como titular da PO308, acometa os proxectos de seguridade vial e urbanización pendentes de acometer nestar estrada.

2º.- Apoiar á Plataforma para a Mellora e Seguridade Vial da PO-308 en cantas propostas, manifestacións e accións leve a cabo co obxectivo de conquistar a mellora da PO-308.

3º.- Dar traslado destes acordos á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

3498.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E DO PSOE EN RELACIÓN COA POSTA EN MARCHA DA EDAR.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (7 BNG e PSOE), 7 votos en contra e ningunha abstención, de conformidade co artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do texto da moción asinada polo voceiro do

Grupo Municipal do BNG D. Xulio Barreiro Lubián e pola voceira do Grupo Municipal do PSOE D^a. Consuelo Besada Lores de data 18 de febreiro de 2011 en relación coa ubicación e posta en funcionamento da EDAR no que tras unha exposición de motivos remata solicitando a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Rexeitar as escusas dadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para non licitar o proxecto que xa estaba redactado.

2º.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a máxima dilixencia e prioridade para a posta en funcionamento desta EDAR co fin de evitar os problemas ecolóxicos, sanitarios e de produción de marisco que están provocando.

3º.- Dar traslado destes acordos á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que apoian a moción pero queren saber porque non é viable a ubicación.

Gustaría ver que proxecto estaba redactado.

A CEMATIC está buscando a ubicación e o que queremos que se faga a depuradora e que se deixe de verter no mar.

O Sr. Barreiro Lubián di que desde aquí solicitouse á Xunta máis de 6 veces está depuradora, desde o Concello púxose a disposición 7 terreos e os técnicos de Augas de Galicia escolleron a ubicación que a eles lles parece mellor que era en Sanxenxo, redactouse o proxecto que está ahí e no Concello de Sanxenxo que tamén estaba de acordo pero agora non entendo esta postura. O problema gordo que vai haber é cando algún non poida coller as ameixas porque as bateas xa desapareceron e non é porque foran ao fondo.

Ahí había uns proxectos que tiñan todos os parabéns e o que teñen é que facelo pero a Xunta non ten interese e prefire investir noutro sitio.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións sométese a votación a Moción en relación coa ubicación e posta en funcionamento da EDAR esta queda aprobada por unanimidade de asistentes adoptándose o seguinte acordo:

1º.- Rexeitar as escusas dadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para non licitar o proxecto que xa estaba redactado.

2º.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a máxima dilixencia e prioridade para a posta en funcionamento desta EDAR co fin de evitar os problemas ecolóxicos, sanitarios e de produción de marisco que están provocando.

3º.- Dar traslado destes acordos á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

3499.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE EN RELACIÓN COAS AXUDAS DOS/AS TRABALLADORES DO MAR.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (7 BNG e PSOE), 7 votos en contra e ningunha abstención, de conformidade co artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do texto da moción asinada pola voceira do Grupo Municipal do PSOE D^a. Consuelo Besada Lores en relación coa axudas dos traballadores do mar no que tras unha exposición de motivos remata solicitando a adopción dos seguintes acordos:

Instar a Xunta de Galicia a modificar a Orde do 10 de xaneiro de 2011, publicada no DOG núm. 12 de 19 de xaneiro do mesmo ano, no senso de que se recolla, polo menos, as mesmas condicións que as recollidas no artigo 4. contía das axudas, da Orde do 27 de novembro de 2007, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que os/as mariscadores/as a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de acadar a pensión de xubilación.

Comeza a quenda de deliberacións a Sra. Consuelo Besada Lores di que na exposición de motivos está suficientemente motivado e explícase claramente a situación actual.

Trátase dun colectivo moi pequeno de traballadoras e entendemos que teñen dereito a xubilación.

O Sr. Domínguez Lino di que esta moción é discriminatoria desde o ano 1991 o sector, xa estaba cotizando porque se profesionalizou o sector e no ano 2000 a Consellería de Pesca estaba nunha manifestación en contra da cotización.

A Xunta vai a seguir pagando o recibo de 350 € da cotización ata os 65 e incluso preverá que se queden aquelas persoas que están en condicións de facelo.

O Sr. Barreiro Lubián di que en todos os colectivos haberá persoas que poder sacar o máximo rendemento co mínimo esforzo, pero ententendo o tipo de traballo do tipo de traballo que realiza e estudar caso o caso porque hai un colectivo que leva de alta poucos anos.

Nos en todo caso, estamos de acordo coa moción.

O Sr. Agís Gómez di que hai xente que leva cotizando desde o ano 2000 porque desde esse ano fíxose obligatorio e antes era voluntario.

Non ten sentido que no ano 2010 o criterio é válido e no ano 2011 terminase com el.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións sométese a votación a Moción en relación coas axudas aos/ás traballadores/as esta queda aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Instar a Xunta de Galicia a modificar a Orde do 10 de xaneiro de 2011, publicada no DOG núm. 12 de 19 de xaneiro do mesmo ano, no senso de que se recolla, polo menos, as mesmas condicións que as recollidas no artigo 4. contía das axudas, da Orde do 27 de novembro de 2007, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que os/as mariscadores/as a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de acadar a pensión de xubilación.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e dúas horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretario xeral, dou fe.

CERTIFICO QUE É COPIA DA ORXINAL

Vº E PR.

O ALCALDE

O SECRETARIO XERAL

LUCIANO SOBRAL FERNÁNDEZ

JACOBO BARREIRO PIMENTEL